

ELIMINACIÓN DE PRAZAS DE MÉDICO/A DE FAMILIA

O SERGAS pretende eliminar todas as prazas de Médico/a de Familia e reconvertelas en prazas de Facultativo/a Especialista de Atención Primaria (FEAP).

Con esta medida, o SERGAS está acorralando aos médicos/as de familia e médicos de PAC, impedíndolles a mobilidade voluntaria, **incluso aos FEAP que ata agora podían acceder mediante o concurso de traslados a unha praza sen gardas, e xa non van a poder optar.**

CCOO lembra que xa se opuxo en 2021 á creación da categoría de FEAP por vulnerar o dereito á mobilidade.

Ademais, o sindicato denunciou as 77 prazas FEAP incluídas no Concurso de Traslados de 2025, xa que moitas non son de difícil cobertura e sitúanse en zonas urbanas, o que demostra a arbitrariedade e o engano co que se emprega esta figura.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

20 de outubro do 2025